

PARTICIPACIÓN

Para poder participar nestas tres actividades (Campamento Pena Aventura, English Surf Camp e Xornada Multiaventura) é necesaria a realización dunha preinscrición. Unha vez confirmada a praza por parte do Departamento de Xuventude, procederase a realizar a inscrición.

1.- PREINSCRICIÓN

Para poder participar nas actividades débese entregar o impreso correspondente, debidamente cumprimentado.
LUGAR: Os impresos presentaranse no Rexistro Auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche, (Rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14-16) ou no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende).
DATAS: Do 21 de maio ao 26 de xuño.
HORARIO: en días laborables de 9 a 14 horas.

As prazas serán cubertas por rigoroso orde de preinscrición.

2.- INSCRICIÓN

Unha vez confirmada a praza polo Departamento de Xuventude, deberá formalizarse a inscrición de acordo co seguinte calendario:

- Do 27 de xuño ao 3 de xullo, Campamento Pena Aventura Park
- Do 27 de xuño ao 5 de xullo, English Surf Camp
- Do 15 ao 18 de Xullo, Xornada Multiaventura

Sobre este procedemento (documentación a entregar, forma de pago, entre outros aspectos) informarase no momento de confirmación da praza.

OUTRAS ACTIVIDADES

TALLER DE CUSTOMIZACIÓN DE CAMISETAS

DESCRIPCIÓN:

O taller, impartido polo artesán Alberto Vila, consistirá na decoración dunha camiseta empregando materiais diversos e orixinais, materiais asequibles como aramio, telas, fieltro,...

DATAS DE REALIZACIÓN: Mércores, 3 de xullo.

HORARIO: de 17 a 21 h.

DURACIÓN: 4 horas

LUGAR: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

DESTINATARIOS: mozos e mozas, a partir de 14 anos

PREZO: De Balde

TALLER DE COCIÑA, COCIÑA DE PICNIC

DESCRIPCIÓN:

Nesta actividade atoparás un lugar onde aprender e experimentar na cociña, divertíndote e compartindo momentos e experiencias, tendo a túa disposición os ingredientes e utensilios necesarios para confeccionar as recetas propostas. Trátase de aprender a realizar menús creativos de cociña para levar, co fin de ter varias opcións nestas datas nas que as saídas ao aire libre danse constantemente.

DATAS DE REALIZACIÓN: Xoves, 4 de xullo.

HORARIO: de 19 a 21,30 h.

LUGAR: Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)

DESTINATARIOS: mozos e mozas, a partir de 16 anos

PREZO: 8 €

Para participar nestas actividades formativas é necesaria unha inscrición previa a realizar no:

Departamento de Xuventude
Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche
Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo
Santiago de Compostela
Tel.: 981 543 001 Fax: 981 543 002
dptoxuventude@santiagodecompostela.org


CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Xuventude


CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Xuventude


PROGRAMA VERÁN 2013
ACTIVO
ACTIVIDADES
DE **LECER**
E
AVENTURA



DATOS TÉCNICOS:

DESCRIPCIÓN:

O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago organiza unha oferta para o tempo libre e o lecer, no período vacacional de verán que contén varias iniciativas coas que se pretenden dar resposta aos intereses da mocidade da cidade.

O programa proposto consiste nunha oferta de turismo activo, deporte de aventura e talleres, especialmente pensados para a xuventude.

O deporte de aventura é unha nova forma deportiva que pon á persoa en contacto directo coa natureza. Coa motivación do traballo en equipo e a superación de metas, o participante ten que poñer en funcionamento unha serie de destrezas e cualidades físicas e especialmente relacionais xa que pasa a formar parte dun grupo de iguais cos que compartirá unha serie de experiencias de gran intensidade.

Ademáis plantéxanse dúas actividades formativas a desenvolver na cidade, tamén cunha temática que pode vincularse a este período estival.

OBXECTIVOS:

- Constituír unha iniciativa de ocio alternativo
- Fomentar a práctica deportiva e a adquisición de hábitos saudables.
- Crear un punto de encontro no que compartir intereses comúns.
- Promover a información, concienciación e sensibilización da poboación sobre o medio natural.
- Contribuír ao espírito da convivencia e solidariedade.



CAMPAMENTO PENNA AVENTURA

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Esta actividade levarase a cabo de acordo co seguinte programa de actividades:

1º DÍA

10 H. Partida de Santiago
11,30 H. Chegada ao Parque (Hora Portuguesa)
Slide (Tirolina)
Escalada
Xogos Nocturnos

2º DÍA

Ruta Aventura
Tiro con arco
Piranga
Xogo Nocturno

3º DÍA

Paintball
Ruta pedestre
Piscina
Visita a vila de Ribeira da Pena
Xogos nocturnos

4º DÍA

Descenso no Fantasticable (Tirolina)
Actividades no río Poio
Festa nocturna

5º DÍA

Salto Negativo
Segway
14 H. Saída do Parque (Hora Portuguesa)
17,30 H. Chegada a Santiago

DATA DE REALIZACIÓN: Do 8 ao 12 de xullo

LUGAR: Parque Pena Aventura. Bustelo- Salvador. Ribeira da Pena (Portugal)

DESTINATARIOS: rapaces e rapazas de 18 a 30 anos, empadronados no Concello de Santiago

NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES: 40 persoas

PREZO: 75 €

CAMPAMENTO ENGLISH SURF CAMP

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

Ao longo de cada xornada os mozos e mozas participantes desenvolverán o seguinte programa de actividades:

8,30 H. Erguer, aseo persoal
9 H. Almorzo
9,30 H. Actividades de Mañá I
12,30 H. Actividades de Mañá II
14 H. Xantar
14,45 H. Sesta, Teléfono. Tempo de Xogo
15,30 H. Actividades da Tarde I
17,30 H. Merenda
18 H. Actividades da Tarde II
20 H. Duchas
21 H. Cea
21,45 H. Parlamento
22,15 H. Velada
23,45 H. Boa Noite

- ACTIVIDADES DE MAÑÁ I:

- Surf
- Paddelboard
- Esnorquel
- Visita a Baroña (Actividades de interpretación dos castros e de escalada)
- Bodyboard
- Kaiak-surf

- ACTIVIDADES DE TARDE I

- Surf
- Paddelboard
- Esnorquel
- Sendeirismo
- Deporte Alternativo
- Xeocaching
- Olimpíada Náutica

- ACTIVIDADES DE MAÑÁ II E DE TARDE II

Bio-espazo (ximcana fotográfica, actividades de recoñecemento das especies, construción dunha maqueta, laboratorios da auga, birdwatching, labores de protección da natureza, entre outras)

On English (actividades de práctica e relacionais que se desenvolverán a través das unidades didácticas de Playing, Speaking e Daily)

DATA DE REALIZACIÓN: Do 14 ao 21 de xullo

LUGAR: Praia de Carnota. Albergue de Caldebarcos

DESTINATARIOS: rapaces e rapazas de 14 a 17 anos, empadronados no Concello de Santiago

NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES: 25 persoas

PREZO: 120 €

XORNADA MULTIAVENTURA

Ao longo dunha xornada os mozos e mozas participantes realizarán unha serie de actividades lúdico-deportivas que serán as seguintes:

- Rafting
 - Tiro con Arco
 - Tirolina
 - Mini Painball
 - Escalada
- (Inclúe o xantar)

DATA DE REALIZACIÓN: 23 de xullo

LUGAR: Carcacia

HORARIO: De 10 a 20 h.

DESTINATARIOS: rapaces e rapazas de 16 a 30 anos, empadronados no Concello de Santiago

NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES: 30 persoas

(10 de 16 a 18 anos e 20 de 18 a 30 anos)

PREZO: 15 €



FICHA DE PREINSCRIPCIÓN

PROGRAMA VERÁN ACTIVO 2013.
ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE

Solicito participar na/s seguinte/s actividade/s:

CAMPAMENTO PENA AVENTURA (De 18 a 30 anos)

ENGLISH SURF CAMP (De 14 a 17 anos)

XORNADA MULTIAVENTURA (de 16 a 30 anos)

DATOS PERSOAIS		
NOME E APELIDOS:		
NACIONALIDADE:	DNI:	
DATA DE NACEMENTO:	Nº Seguridade Social:	
MUTUA OU ASEGURADORA		
CENTRO DE ESTUDOS/TRABALLO:		
ENDEREZO		
RÚA/LUGAR:	Nº/LETRA:	
CP:	CONCELLO:	PROVINCIA:
DATOS DE CONTACTO		
TFNO. MÓBIL:	TFNO. FIXO:	
CORREO ELECTRÓNICO:		
Sinatura do/a Interesado/a		

No caso de ser menor de idade cubrir o seguinte cadro:

DATOS DA FAMILIA	
NAI/TITORA	PAI/TITOR
NOME E APELIDOS:	NOME E APELIDOS:
DNI:	DNI:
Nº SEGURIDADE SOCIAL:	Nº SEGURIDADE SOCIAL:
MUTUA OU ASEGURADORA	MUTUA OU ASEGURADORA
OCUPACIÓN	OCUPACIÓN
HORARIO LABORAL	HORARIO LABORAL
TEL MÓBIL	TEL MÓBIL
TEL FIXO	TEL FIXO
CORREO ELECTRÓNICO:	CORREO ELECTRÓNICO:
ENDEREZO (Rúa/Lugar, Nº, Letra, Piso, CP, Concello)	ENDEREZO(Rúa/Lugar, Nº, Letra, Piso, CP, Concello)
Sinatura da Nai/Titora	Sinatura do Pai/Titor